

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA A MELLORA DA INFRAESTRUTURA TURÍSTICA (PASARELAS E VARANDAS) DO CONCELLO DE RIBADEO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para a mellora da infraestrutura turística (pasarelas e varandas) do concello de Ribadeo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O obxecto do presente proxecto é definir as obras necesarias para a mellora da infraestrutura turística no concello de Ribadeo, ó longo das parroquias de Ove, Piñeira, Vilaframil e Rinlo.



Actualmente, debido ás condicións atmosféricas e ambientais, ó paso do tempo, ós actos vandálicos, etc, a infraestrutura turística desta zona obxecto do proxecto viuse considerablemente deteriorada. Polo tanto, as actuacións a realizar irán encamiñadas a reparar os estragos ocasionados e a previr que se produzan máis danos.

O turismo representa unha das actividades económicas e culturais máis importantes en todo tipo de destinos. Por iso, é fundamental comprender que, máis alá dos intereses relacionados coa gastronomía, a paisaxe, o deporte e outros, para que un visitante queira volver ou recomende un lugar, necesita sentirse cómodo e ben recibido.

Coa finalidade de mellorar a infraestrutura turística existente, propóñense as seguintes actuacións para a mellora da contorna:

- Actuacións en varandas.
- Actuacións en pasarelas de madeira.

Os traballos a realizar descríbense a continuación:

- Aplicación manual de dúas mans de tratamento lasur, acabado satinado, incoloro, aplicado con brocha, rolo ou pistola, diluídas dun 5% a 15% de diluínate sobre superficie de varandas ou pasamáns de madeira, en exteriores. Antes preparárase a superficie mediante lixados, pulidos ou decapados, así como dun desempolvado. Ademais, nas zonas en que as táboas se encontren en mal estado reparanse por unhas coas mesmas características que as existentes, en bo estado. O lasur deberá ser con protección ante a acción da luz ultravioleta, protección contra organismos biolóxicos, fungos e mofos, e con propiedades hidrofugantes.

Este tratamento para varanda de madeira realizarase en 897,21 m de varandas exclusivamente na parroquia de Ove.

- Tratamento antiesvarante no pavimento de pasarela existente. Retíranse os elementos antiesvarantes existentes e preparación da superficie para poder aplicar o tratamento.

Este tratamento antiesvarante levarase a cabo en 383,2 m2 de pasarelas de madeira nas parroquias de Piñeira, Vilaframil e Rinlo.



Por outro lado hai que indicar que o concello dispón de todos os terreos para a perfecta execución de todas as obras.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Ribadeo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

